



REGULADORA DA TAXA POLA PRESENTACIÓN DE SERVICIO DO MOSTEIRO DE SANTA CATALINA DE MONTEFARO E AS SÚAS INSTALACIÓNS

Artigo 6.-Tarifas.

A) Entrada e visita das instalacións do mosteiro de Santa Catalina de Montefaro.

1.1. Entrada Xeral: 0,73 euros persoa.

1.2. Entrada Reducida: 0,36 euros persoa.

1.3. A Tarifa reducida a que se refire o apartado anterior será de aplicación nos seguintes casos:

A) Menores de catorce anos, titulares do carné novo e maiores de 65 anos.

B) Grupos escolares de centros que no pertenzan ó municipio de Ares, en visita previamente concertada.

C) Público en xeral os días que, en cada caso concreto, autorice a comisión de goberno.

1.1. Cota cero na entrada e visita:

A) Grupos escolares de centros pertencentes ó municipio de Ares, en visita previa concertada.

B) Visitas patrocinadas polo Concello, previa resolución da Alcaldía ou da Concellería de Cultura que así o declare.

B) Utilización das instalacións do mosteiro de Santa Catalina de Montefaro.

1.1. Utilización das instalacións para sesións fotográficas de vodas, bautizos, primeiras comunións, celebracións e actos asimilables: 73,91 euros

1.2. Utilización singular ou excepcional das instalacións. A tarifa será fixada pola Comisión municipal de goberno para cada caso concreto atendendo ó custo do servizo solicitado, sen que en ningún caso sexa inferior a 36,95 euros, ou superior a 184,84 euros

1.3. Cando a utilización singular ou excepcional das instalacións do mosteiro impida o normal uso das mesmas polo público en xeral, a tarifa será de 258,82 euros/día sen que en ningún caso dito uso exclusivo poida exceder illada ou conxuntamente 15 días por semestre.